

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

SERVICIO DE LIMPEZA XERAL E RECOLLIDA DE R.S.U. NO RECINTO FEIRAL DURANTE OS CERTAMES FEIRAIS E CONGRESUAIS PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA
(REF.: 6006/2011-03)

Visto o expediente instruído para o procedemento de referencia, no que se propón a adxudicación provisional a empresa **EULEN, S.A.**, examinada a documentación presentada polo adxudicatario provisional, e transcorrido o prazo legal para proceder á súa elevación a definitiva de acordo co disposto no artigo 135.4 da LCSP LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adxudicar **DEFINITIVAMENTE** a contratación do concurso “**SERVICIO DE LIMPEZA XERAL E RECOLLIDA DE R.S.U. NO RECINTO FEIRAL DURANTE OS CERTAMES FEIRAIS E CONGRESUAIS PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2011-03)**” á empresa **EULEN, S.A.** polos seguintes importes unitarios que figuran na oferta:


- Hora diúrna de operario de limpeza de pavillóns/gando: Doce euros con cincuenta céntimos (12,50.-€), máis dous euros con vintecinco céntimos (2,25.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de catorce euros con setenta e cinco céntimos (14,75.-€).
- Hora nocturna de operario de limpeza de pavillóns/gando: Catorce euros con noventa e seis céntimos (14,96.-€), máis dous euros con sesenta e nove céntimos (2,69.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezasete euros con sesenta e cinco céntimos (17,65.-€).
- M² de limpeza de moqueta: Dez céntimos (0,10.-€), máis dous céntimos (0,02.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de doce céntimos (0,12.-€).
- M² de limpeza xeral: Catorce céntimos (0,14.-€), máis dous céntimos (0,02.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezaseis céntimos (0,16.-€).
- Tonelada de retirada e xestión de RSU en Silleda: Oitenta e un euros con cincuenta e un céntimos (81,51.-€), máis catorce euros con sesenta e sete céntimos (14,67.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de noventa e seis euros con dezaioito céntimos (96,18.-€).

- Tonelada de retirada e xestión de RSU fora de Silleda: Cento quince euros (115,00.-€), máis vinte euros con setenta céntimos (20,70.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de cento trinta e cinco euros con setenta céntimos (135,70.-€).

SEGUNDO.- Que a presente resolución definitiva, de acordo co regulado no artigo 137 da LCSP, se publique no perfil do contratante e se notifique ós participantes na licitación.

TERCEIRO.- Eximir ó adxudicatario da presentación da Garantía Definitiva de acordo co artigo nº 10 do prego de condicións do concurso.

Silleda, 19 de novembro de 2010



Dª Paloma Hidago López

Directora Xeral